

IMOS BUSCAR UN TESOURO

Texto e ilustracións de JANOSCH

Tradución de DOLORES ROMAY

Encadernado en cartonné. 15 x 21,5 cm. 52 páx. 16 €

Imos buscar un tesouro (galego)

ISBN 978-84-8464-720-1. Álbum ilustrado. Tras os montes.

Vamos a buscar un tesoro (castelán)

ISBN 978-84-92608-62-1. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

Anem a buscar un tresor (català)

ISBN 978-84-8464-819-2. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

Altzor bat aurkituko dugu (euskara)

ISBN 978-84-7681-765-0. Álbum ilustrado. Gaur egungo klasikoak.

Vamos encontrar um tesouro (português)

ISBN 978-989-749-000-2. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

-Tamén quero un casco de piloto, unha lámpada vermella para a cama e unhas botas de pel.

-Encargaremos uns traxes elegantes e iremos a unha festa

-dixo oso pequeno-. Un tango fino, tigre, iso sería...

-Imos buscar un tesouro! -dixo tigre pequeno...

“Moitas veces, as cousas non son como un pensa. Incluso son ao revés!”, díxolles o vello moucho a oso pequeno e tigre pequeno cando se empeñaron en ir á procura da mellor cousa do mundo.

Cansaron de facer buratos na terra e de buscar mesmo baixo a auga, por máis que alí só atoparon algas, peixes e lixo.

E cando por fin conseguiran os cartos que querían para satisfacer todos os seus caprichos, volveron quedar sen nada.


Enganados e roubados, volveron á casa; ata entón viviran moitas aventuras, tamén rifaran entre eles, e non só coñeceran o vello moucho, senón tamén a toupa, o peixe do río, o león dos pantalóns azuis, a pita tola e o burro Petronio.

«Imos buscar un tesouro», xunto con «Que bonito é Panamá!», «Correo para tigre», «Eu curareite, dixo oso pequeno» e «Tigre e oso na cidade», forma parte dunha serie emblemática coa que Janosch -despois dunha primeira etapa na que os seus libros tiñan un certo fondo político- enxalza o valor da amizade, con historias protagonizadas por animais humanizados. Nesta ocasión, oso pequeno e tigre pequeno aprenden que os auténticos tesouros da vida non sempre están no económico nin no material.

Cunhas ilustracións alegres e coloristas, clásicas e planas, de estilo infantil, este entrañable relato de Janosch desprende humor e deixa un pouso sentimental de optimismo e inocencia, cun inesperado final que colma as expectativas dos personaxes.

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com



■ **Temática:** relato sobre a verdadeira riqueza.

■ **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.

■ **Aspectos destacables:** o materialismo, o valor das cousas sinxelas, a amizade; animais humanizados, clásico da Literatura Infantil; do autor e ilustrador de «[Que bonito é Panamá!](#)», «[Correo para tigre](#)», «[Eu curareite, dixo oso pequeno](#)» e «[Tigre e oso na cidade](#)» (KALANDRAKA).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/imos-buscar-un-tesouro-g>

Janosch

(Hindengurb, Alemaña, 1931 -actual Zabrze, Polonia-)

Janosch é o pseudónimo de Horst Ecker. Adoptou ese nome artístico animado polo seu primeiro editor. Marcado por unha infancia difícil, sendo moi novo empezou a traballar como ferreiro e cerralleiro. Trala II Guerra Mundial, a súa familia mudouse a Alemaña Occidental e el empregouse nunha fábrica téxtil. En 1953 trasladouse a Munich e durante unha tempada estudou na Academia de Belas Artes. Logo estableceuse como artista independente e en 1960 publicouse o libro infantil co que iniciou a súa traxectoria artística e literaria, que suma máis de 300 obras traducidas a 70 linguas e polas que recibiu numerosos premios. A súa sona internacional débese a «Que bonito é Panamá!», editado en 1979. Dende 1980 reside en Tenerife, onde se dedicou a ilustrar libros infantís, de narrativa, pezas teatrais e colaborar en filmes de animación. Tamén é autor dalgunha novela para adultos con elementos autobiográficos. Mesmo chegou a ilustrar textos de escritores como Charles Bukowski.

<http://www.janosch.de>

